

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE APOIO PARA A RECUPERACIÓN INTEGRAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE ORGÁNICA

En Santiago de Compostela, a 13 de maio de 2024

REUNIDOS

Dunha parte, don Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Doutra parte, don Anxo Antón Queiruga Vila, con DNI 76778938Q, presidente da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade con NIF G32115941, que actúa en nome e representación da entidade, nomeado polo acordo da Asemblea Xeral do 26 de maio de 2023, segundo o disposto no artigo 36 dos seus estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e a tal efecto

EXPOÑEN



I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



II. Que a Consellería de Sanidade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como o exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde, e consecuentemente a vixilancia das enfermidades crónicas e prevención de discapacidades, conforme ao Decreto 136/2019, de 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade.

III. Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, do Servizo Galego de Saúde, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en tódalas súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Así pois, segundo o sinalado, un dos principios reitores desta lei, é o da concepción integral da saúde, que inclúe a promoción da mesma, a protección fronte a situacións e circunstancias que supoñen risco para a saúde, e a rehabilitación e integración social dende a perspectiva da asistencia sanitaria, entre outras. A este súmanse outros como o da adecuación das prestacións sanitarias ás necesidades de saúde da poboación ou os de cooperación intersectorial como elemento de cohesión das políticas de todos os sectores con responsabilidades sobre a saúde e o da coordinación dos recursos sanitarios e sociosanitarios.

IV. Que a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, entidade de natureza asociativa, declarada de utilidade pública polo Ministerio de Interior con data 26 de maio de 2004, figura inscrita no Rexistro de Asociacións co número 2003-93-2. Así mesmo, a entidade figura recoñecida e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-154, e conta con distintos servizos sanitarios autorizados dirixidos a persoas con Discapacidade, cos seguintes números de Rexistro C-15-002671, C-36-002607, C-15-002602, C-15-004188, C-27-001323, C-36-002602, C-36-002099, C-36-002119.

De conformidade co artigo 7 dos seus estatutos, a entidade ten por finalidade, entre outras, a defensa dos intereses das persoas con discapacidade de Galicia, acadar a súa real e efectiva participación social, laboral e cultural, así como a súa integración na sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, da transformación social, do fortalecemento do movemento asociativo, a xeración de



oportunidades de emprego e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas en todo o territorio de Galicia


V. Que a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (en diante, COGAMI) é a entidade que representa ás asociacións e federacións de persoas con discapacidade física en Galicia, e á súa vez é membro da Confederación Coordinadora Estatal de Persoas con Discapacidade Física de España (COCEMFE), e tamén é membro fundador do Comité de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia (CERMI-GALICIA).

As entidades que conforman COGAMI están especializadas na prestación de servizos a persoas con Discapacidade coas patoloxías concretas e nos territorios nos que desenvolven a súa actividade. Para elo están á súa vez inscritas no Rexistro de Asociacións, no Rexistro de Entidades prestadoras de Servizos Sociais, así como no Rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios de Galicia.

VI. Que as entidades citadas están interesadas, en colaborar no desenvolvemento dun programa de apoio para a recuperación integral das persoas con discapacidade orgánica, en liña coas previsións da Convención Internacional de Dereitos das Persoas con Discapacidade, aprobados o 13 de decembro de 2006 pola Asamblea General de las Naciones Unidas (ONU) e que abordará varios aspectos de cara á promoción da saúde e á prevención de dependencias relacionadas con patoloxías orgánicas.

O programa está baseado na prestación dos tratamentos e técnicas máis axeitadas para cada patoloxía e persoa en función do seu grao de afectación e evolución da enfermidade, prestados por persoal especializado con experiencia e formación para o tratamento do colectivo. As intervencións efectuaranse na contorna das persoas asistidas (domicilios particulares, empresas ou centros de atención) sempre co obxectivo de que a persoa mellore a súa autonomía na súa contorna natural de desenvolvemento.

VII. Estímase que COGAMI, de maneira directa e a través do seu movemento asociativo, é a entidade óptima para a execución do presente programa, ben nas súas propias instalacións, ben coordinando as actuacións que teñan lugar noutros ámbitos de execución deste convenio, resultando a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade e o seu movemento asociativo son as únicas entidades que contan cos medios materiais e humanos no ámbito da comunidade autónoma para dotar ao proxecto da dimensión axeitada, sendo referente en Galicia do colectivo ao que van dirixidas as actuacións obxecto do programa. Así pois, dada a especificidade das súas carac-



terísticas, así como da actividade que desenvolve aquela, non semella posible promover concorrencia pública, de conformidade co previsto nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

VIII. Neste contexto, este programa de apoio para a recuperación integral das persoas con discapacidade orgánica ten un contido innovador polo que non é encadrable en ningún dos servizos actuais. Asemade, a execución das actuacións obxecto deste programa en ningún caso suporá unha duplicidade das funcións establecidas nos Decretos 136 e 137/2019, de 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente.

Esta experiencia deberá representar unha gran oportunidade para todo o colectivo de persoas con discapacidade afectadas por algunha patoloxía.

IX. O presente convenio ten un carácter diferenciador con respecto a outros programas dirixidos a persoas con discapacidade e ás súas familias, ao tratarse dun plan integral e innovador, cun perfil de destinatarios concretos, e ámbito de desenvolvemento de actividades particularizado centrado na atención especializada a cada colectivo no seu territorio, traballando sobre as persoas con enfermidade crónica que derivan nunha discapacidade para prever o seu empeoramento e as situacións de dependencia que poidan derivarse das mesmas.

Así pois, a particularidade radica non tanto nas actividades a desenvolver senón nos obxectivos e resultados a procurar cun estudo máis pormenorizado.

Que, por conseguinte, ambas partes consideran que o desenvolvemento deste convenio ten un alto interese para ambas, xa que permitirá diminuír o impacto da discapacidade padecida polas persoas obxecto do programa sobre a súa autonomía, perseguíndose así a consecución dun fin común para as partes, con dimensión de interese público.

En virtude do exposto, e recoñecéndose as partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes:



A handwritten signature in blue ink, consisting of several loops and a long horizontal stroke.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO E ÁMBITO DE ACTUACIÓN

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (en adiante COGAMI), para o desenvolvemento dun programa de apoio para a recuperación integral das persoas con discapacidade orgánica.

A finalidade desta actuación é a de prestar servizos especializados ás persoas con discapacidade orgánica derivada dunha patoloxía crónica, de cara a diminuír o impacto das mesmas sobre a súa autonomía e previr situacións de dependencia.


SEGUNDA. ACTUACIÓNS DO PROGRAMA INTEGRAL

O conxunto de accións que se formulan están baseadas na prestación dos tratamentos e técnicas máis axeitados para cada patoloxía e persoa en función do seu grao de afectación e evolución da enfermidade, prestados por persoal especializado con experiencia e formación para o tratamento do colectivo. As intervencións efectuaranse na contorna das persoas asistidas (domicilios particulares, empresas ou centros de atención), segundo consta na memoria que acompaña ao convenio.

As actividades ou actuacións que se van a desenvolver coa colaboración son as seguintes:

1º Apoio, orientación e información sobre a patoloxía, diagnósticos, tratamento e opcións terapéuticas, recursos públicos e privados para a atención da patoloxía, sesións formativas sobre tratamentos e técnicas, e outros apoios relacionados co proceso de diagnóstico, pautas de tratamento, hospitalización e outras casuísticas derivadas da patoloxía.

2º. Servizo de apoio á recuperación física funcional: actuacións de terapia física especializada nas patoloxías que cursan con empeoramento físico e motor, para a restitución das funcións motoras e a prevención do deterioro relacionado. Inclúe terapia física, establecemento de pautas de traballo individuais, valoración, evolución e seguimento individual, e todas aquelas actuacións que se deriven das anteriores.



3º. Servizo de apoio ocupacional: actuacións de carácter ocupacional especializadas nas patoloxías que cursan con afectación nas capacidades físicas e cognitivas que inflúen na autonomía das persoas con patoloxía orgánica. Inclúe a planificación de actividades para o adestramento físico e cognitivo adaptado ás necesidades e evolución de cada persoa, valoración, seguimento, establecemento de pautas de traballo e todas aquelas actuacións que se deriven das anteriores.

4º Servizo de apoio á recuperación logopédica: actuacións de carácter logopédico especializado nas patoloxías que cursan con afectación na fala, deglución, comunicación, audición e outras funcións orais. Inclúe a planificación de actividades de recuperación adaptadas a cada persoa e as súas necesidades, valoración, evolución e seguimento individual, establecemento de pautas de traballo e todas aquelas actuacións que se deriven das anteriores.


5º Servizo de apoio emocional: actuacións de carácter psicolóxico especializado nas patoloxías que cursan con afectación psicoemocional, conductual ou que implican a distorsión de procesos mentais. Inclúe a valoración, seguimento e evolución individual, planificación de actividades para a recuperación emocional, establecemento de pautas de traballo individual, así como aquelas actuacións que se deriven das anteriores.

6º Outros servizos e actuacións de carácter xeral dirixidas á recuperación integral das persoas con discapacidade que, non atopándose nos grupos anteriores, teñen resultados benéficos probados no tratamento das patoloxías orgánicas para as que se propoñen, así como na prevención de discapacidades nestes mesmos colectivos. Inclúe actuacións como servizo de nutrición para persoas con patoloxía renal, preparación física a persoas con esclerose e fibromialxia, piscina terapéutica a persoas con artrite, entre outras.

TERCEIRA. MEDIOS MATERIAIS E PERSOAIS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA

1. A execución deste proxecto realizarase a través das asociacións de discapacidade orgánica integradas en COGAMI, que contan con persoal especializado para a prestación dos servizos propostos en distintos puntos da comunidade autónoma de Galicia:

- Persoas afectadas de Hemofilia e outras coagulopatías conxénitas: AGADHEMO.



- Persoas afectadas de Esclerose Múltiple e outras patoloxías: ACEM CORUÑA , ACEM SANTIAGO, AOEMPER, AEMPO e ALUCEM
- Persoas afectadas de patoloxías reumáticas: CONARTRITE SANTIAGO e ASEARPO.
- Persoas afectadas de Párkinson: PARKINSON GALICIA.
- Persoas afectadas de patoloxías do Ril: ALCER CORUÑA, ALCER LUGO, ALCER OURENSE e ALCER PONTEVEDRA.
- Persoas afectadas de Crohn e Colite Ulcerosa: ACCU.
- Persoas afectadas de Fibromialxia e Fatiga Crónica: AFFOU.
- Persoas afectadas de Fibrose Quística: AGFQ
- Persoas afectadas de enfermidades neuromusculares: ASEM GALICIA
- Persoas afectadas de Linfedema, Lipedema e outras patoloxías vasculares: AGL
- Persoas afectadas por transplantes medulares: ASOTRAME.

2. Para levar a cabo as actividades previstas na cláusula segunda deste convenio, COGAMI e o seu movemento asociativo aportará un equipo multidisciplinar formado por persoal profesional con formación e experiencia na materia que desenvolva a metodoloxía a empregar: traballadores sociais, fisioterapeutas, terapeutas ocupacionais, psicólogos, logopedas, pedagogos, profesionais de INEF (actividade física e deportiva), monitores (persoal de apoio), expertos en asociacionismo, etc... así como o persoal de xestión e de servizos básicos necesario para garantir o adecuado desenvolvemento da experiencia. O custo do persoal que vai desenvolver a actividade será o previsto na memoria económica que se achega con este convenio. O persoal vinculado ao proxecto será o preciso para o debido desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio.



CUARTA. OBRIGAS LABORAIS E SOCIAIS

COGAMI

A subscripción do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.




En ningún caso, a realización das actividades do programa do presente convenio suporá a existencia dunha relación funcional ou laboral entre a administración, COGAMI e o seu movemento asociativo. COGAMI e o seu movemento asociativo coidará especialmente o cumprimento desta obriga, incluíndo nos seus contratos para o desenvolvemento das actividades do programa referencia expresa aos seguintes extremos:

a) Que á extinción do contrato de persoal de COGAMI e o seu movemento asociativo para as actividades do programa non poderá producir en ningún caso a consolidación das persoas que realizaran os traballos obxecto do seu contrato como persoal da Xunta de Galicia.

b) Que o persoal adscrito á execución do programa que describe o convenio dependerá exclusivamente de COGAMI e o seu movemento asociativo, (as cales) terán tódolos dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregadores respecto deste, sendo a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde de todo alleos ás referidas relacións. En ningún caso poderá alegarse dereito ningún polo referido persoal en relación coa Conselleira de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde nin esixirse a estes responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigas existentes entre COGAMI e o seu movemento asociativo e os seus empregados, aínda no suposto de que os despedimentos ou medidas que a dita Confederación e o seu movemento asociativo adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do convenio.

QUINTA. RESULTADOS OBTIDOS COA COLABORACIÓN



Os resultados a obter a través do presente convenio, os cales redundarán en beneficio de preto dun millar de persoas con discapacidade orgánica, figuran recollidos na memoria do Proxecto para o apoio á recuperación funcional das persoas con discapacidade orgánica que consta como anexo.

SEXTA. FINANCIAMENTO

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio establécese un orzamento total de cento sesenta e catro mil euros 164.000 € e que serán imputados a aplicación orzamentaria 5001.413A.481.39 (código de proxec-



to 2024 00010) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 na que existe crédito suficiente.

SÉTIMA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras concedidas para o mesmo fin; pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. De ser o caso, deberá reintegrarse o financiamento público polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA. OBRIGAS DA ENTIDADE

1. COGAMI comprométese a cumprir coas obrigas que o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia esixe aos beneficiarios, ademais das seguintes:

a) Asegurar o cumprimento de todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta colaboración.


b) Presentar perante o Servizo Galego de Saúde xustificación acreditativa da realización da actividade e do cumprimento da finalidade que determina o obxecto da colaboración.

c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle a Consellería de Sanidade e ao Servizo Galego de Saúde a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.



COGAMI
CIF G32115941



e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control durante 10 anos, segundo o previsto no artigo 27 e 28 do Real Decreto 304/2014, do 5 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.

g) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do convenio: "Cofinanciado pola Xunta de Galicia – Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde", co seu respectivo logotipo.

2. Asemade a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

NOVENA. GASTOS DO PROGRAMA

Consideraranse gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e realizados no desenvolvemento do obxecto do convenio. Para estes efectos, serán os realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024, que foran efectivamente pagados con anterioridade ou no mesmo día da finalización do período de xustificación, salvo aqueles gastos realizados e que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo.

O importe do orzamento destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024, relativos a gastos de persoal e gastos correntes necesarios para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula segunda de acordo co previsto na memoria económica.



En ningún caso o custo de adquisición poderá ser superior ao valor do mercado.

Os gastos aplicables ao obxecto do convenio serán os gastos directos da actividade, tendo tal consideración os que a continuación se detallan:

a) Gastos de persoal: Inclúense neste apartado os gastos relativos ao persoal de atención directa que integra o equipo multidisciplinar de COGAMI e o seu movemento asociativo, e do persoal de xestión e servizos básicos necesarios para a execución da experiencia, nos que se integran os custes salariais e de seguridade social, así como aqueles honorarios derivados da subcontratación de servizos. As retribucións acomodaranse proporcionalmente á xornada que se desenvolva no caso de que a prestación de servizos sexa a tempo parcial.

b) Gastos de axudas de custo e desprazamentos do persoal imputable ao programa. Os gastos de desprazamento deberán axustarse a tarifas de transporte económicas, para as axudas de custo deberán tomarse como referencia as establecidas para a administración pública. Así mesmo na fase de xustificación deberán recollese os motivos da viaxe e o lugar de reunión.

c) Gastos en bens consumibles sempre que estean relacionados coa actividade obxecto do programa; estes deberán ser moderados, realizados, en relación co programa, e coa razoabilidade das cantidades consumidas e do seu custe.

d) Gastos de conservación e mantemento, subministracións, servizos alleos, gastos administrativos e de xestión necesarios para a realización da experiencia conveniada así como o gasto da auditoría anual previsto na cláusula décima deste convenio.

e) Gastos derivados da xestión e organización de servizos de transporte que a entidade facilite ás persoas participantes directas nas actividades.

DÉCIMA. SUBCONTRATACIÓN

COGAMI é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración.



Non obstante, autorízase a subcontratación da execución de actividades, ata unha porcentaxe do 90 por cento do importe total das actuacións subvencionadas a través deste convenio para a súa debida execución, de acordo co recollido na memoria económica. A autorización baséase na necesidade de execución externa das actuacións previstas na cláusula segunda.


A subcontratación terá por obxecto, entre outras, a execución das actuacións do programa obxecto deste convenio. Permítese así a contratación de servizos coas entidades que integran COGAMI, xustificando que se realiza consonte ás condicións normais de mercado e presentando as facturas correspondentes aos servizos contratados e xustificantes de pagamento como se indica na cláusula seguinte.

COGAMI, no seu caso, comunicará a subcontratación ao Servizo Galego de Saúde. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Enténdese que unha entidade subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

En ningún caso concertará a execución parcial ou total das actividades subvencionadas con persoas ou entidades que recibiran outras subvencións para a realización da actividade obxecto da contratación.

DÉCIMO PRIMEIRA. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN E CONTROL DAS ACTUACIÓNS REALIZADAS POR CADA UNHA DAS PARTES



1. Consideraranse gastos imputables derivados da execución do convenio, susceptibles de ser financiados polas achegas financeiras das partes, aqueles que sendo xustificadas de conformidade coa normativa en vigor, estean pagados á data de xustificación do convenio e respondan de maneira indubitada á natureza e ao normal desenvolvemento do obxecto do convenio.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín da persoa provedora.

2. En todo caso o prazo para a presentación da conta xustificativa da subvención deste convenio rematará o día 10 de decembro de 2024. A falta de presentación da xustifi-



cación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño. Exceptúase desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento dos gastos imputables ao mes de decembro, documento de Relación Nominal de Traballadores (RNT) e documento de Relación de liquidacións de cotizacións (RLC) de novembro e decembro e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2024, que se presentará mediante addenda ao informe da auditoría na primeira quincena de febreiro de 2025.

Deberá achegarse a seguinte documentación:

a) Unha memoria final das actuacións desenvolvidas en execución deste programa, con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cualitativa dos mesmos, número de persoas con discapacidade beneficiarias en cada actividade, e demais aspectos que se consideren relevantes.

b) Unha memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:


1.º Unha ficha resumo dos gastos de persoal e do resto dos gastos.

2.º Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación.

3.º Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas por COGAMI.

4.º Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

5.º Os tres orzamentos que no suposto de gastos de importe superior a 15.000,00€ deba ter solicitado COGAMI.



6.º Se for o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

c) A revisión da parte da conta xustificativa integrada polas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia na letra anterior e a documentación acreditativa do pagamento será efectuada por unha persoa auditora de contas inscrita como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designado pola entidade beneficiaria.

A estes efectos, achegarase o informe da revisión efectuada pola persoa auditora de contas, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa, e que como mínimo deberá deixar constancia dos seguintes extremos:

1.º Adecuación da natureza do gasto xustificado, tanto en relación ás actuacións en execución do programa como en relación aos conceptos de gasto.

2.º Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada na letra b) conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos correspondentes.

3.º Verificación do cumprimento do disposto na cláusula novena en relación coas actividades subcontratadas, no seu caso.

4.º Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nesta cláusula.

5.º Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.



6.º Verificación do importe global percibido pola entidade como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado o financiamento das actuacións obxecto do programa, e que este non supera o gasto da actividade nos termos do artigo 48.6 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.


COGAMI estará obrigada a pór a disposición da persoa auditora de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles, así como a conservalos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto.

Para a remisión da documentación relativa a este convenio, empregarase a sede electrónica da Xunta de Galicia, mediante a cumprimentación do procedemento electrónico denominado "PRESENTACION ELECTRONICA DE SOLICITUDES, ESCRITOS E COMUNICACIÓNS QUE NON CONTEN CUN SISTEMA ELECTRÓNICO ESPECÍFICO NIN CUN MODELO ELECTRONICO NORMALIZADO" (PR004A)", dirixíndoas á atención da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

3. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o incumprimento das obrigas e compromisos asumidos pola parte incumpridora, e no seu caso dará lugar a unha indemnización equivalente ao importe non debidamente xustificado.

DÉCIMO SEGUNDA. FORMA DE PAGAMENTO

 Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, da seguinte forma:

a) Efectuarase, un pagamento do 80% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.

b) O 20% restante farase efectivo unha vez rematadas todas as actividades do programa, aportando a documentación prevista na cláusula décima do convenio



Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pagamento débedas coa AEAT nin coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como de que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución da garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMO TERCEIRA. INCUMPRIMENTOS, REINTEGROS E SANCIÓN

1. Entenderase cumprido o obxecto do convenio cando se realizase nos termos e a satisfacción de ambas partes, de acordo coas súas respectivas competencias.
2. Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como, cando corresponda, o previsto no Título III da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia e nos Títulos IX e X da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

DÉCIMO CUARTA. VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a data da súa formalización ata o 31 de decembro de 2024. Porén, consideraranse subvencionables as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2024.

DÉCIMO QUINTA. PUBLICIDADE

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.



A handwritten signature in blue ink, consisting of a stylized, looping cursive mark.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificación recollidas no presente instrumento de colaboración a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

DÉCIMO SEXTA. PROTECCIÓN DE DATOS

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).


COGAMI, no desenvolvemento do programa, en colaboración coa Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde asume a posición do responsable do tratamento da información.

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados pola Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace

<https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>



DÉCIMO SÉTIMA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio creárase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por un representante da Consellería de Sanidade, un do Servizo Galego de Saúde e dous representantes de COGAMI, designados por cada unha das persoas titulares da representación das partes asinantes así como os seus suplentes. A dita comisión será presidida por un dos representantes da administración. A persoa que ocupe a secretaría, así como o seu suplente será unha persoa adscrita á dirección xeral con competencias en materia de asistencia sanitaria designada pola persoa que ocupe a presidencia que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO OITAVA. RÉXIME XURÍDICO E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Sanidade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órga-



no que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo dun mes; se o acto non fora expreso, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, asínase o mesmo, por duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O conselleiro de Sanidade e Presidente do
Servizo Galego de Saúde



Antonio Gómez Caamaño

O Presidente de COGAMI



Anxo Antón Queiruga Vila

ANEXO

REHABILITACIÓN FUNCIONAL NAS ENTIDADES DE DISCAPACIDADE ORGÁNICA

Proxecto para o apoio á recuperación funcional das persoas con discapacidade orgánica



A handwritten blue ink signature, consisting of a large loop and a trailing line.

1. INTRODUCCIÓN

A comisión Sociosanitaria de COGAMI está formada por un grupo de 25 entidades sociosanitarias que atenden diferentes patoloxías como: o lupus, a esclerose, a fibromialxia e fatiga crónica, a hemofilia e outras coagulopatías, as enfermidades do ril, o crohn e colite ulcerosa, as enfermidades reumatolóxicas, as persoas con amputacións, as persoas con lesión medular, o Linfedema, o párkinson e a espondilite, ademais doutras entidades que orientadas a atención temperá e infantil.

Estas entidades, especializadas en cada unha das patoloxías que representan, prestan servizos sanitarios ás persoas doentes de ditas patoloxías, xa sexa por falta de persoal especializado no sistema público de saúde, ou por derivación das persoas.


O obxectivo final destes servizos é mellorar a saúde das persoas afectadas por enfermidade crónica, que segundo a última Enquisa Nacional de Saúde de España (ENSE), en Galicia implica a un 79,30% dos pacientes (fronte ao 64,20% da media nacional). A prestación de estes servizos, de carácter preventivo-rehabilitador pretende mellorar a calidade de vida e saúde destes pacientes, á par que reduce o consumo de recursos do sistema galego de saúde. Segundo a estratexia galega para a atención a persoas en situación de cronicidade, a demanda dos pacientes crónicos implica o 80% dos recursos de atención primaria, o 60% dos ingresos hospitalarios e, en resumo, un 70-75% do gasto sanitario.

2. RESUMO DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Destas 25 asociacións o presente proxecto recolle os servizos prestados por 19 delas, que contan cunha rede estable de servizos especializados.

- Persoas afectadas de Hemofilia e outras coagulopatías conxénitas: AGADHEMO.
- Persoas afectadas de Esclerose Múltiple e outras patoloxías: ACEM CORUÑA , ACEM SANTIAGO, AODEMPER, AVEMPO e ALUCEM
- Persoas afectadas de patoloxías reumáticas: CONARTRITE SANTIAGO e ASEARPO.
- Persoas afectadas de Párkinson: PARKINSON GALICIA.
- Persoas afectadas de patoloxías do Ril: ALCER CORUÑA, ALCER LUGO, ALCER OURENSE e ALCER PONTEVEDRA.
- Persoas afectadas de Crohn e Colite Ulcerosa: ACCU.
- Persoas afectada de Fibromialxia e Fatiga Crónica: AFFOU.
- Persoas afectada de Fibrose Quística: AGFQ
- Persoas afectadas de enfermidades neuromusculares: ASEM GALICIA
- Persoas afectadas de Linfedema, Lipedema e outras patoloxías vasculares: AGL
- Persoas afectadas por transplantes medulares: ASOTRAME.

Estas entidades son representativas e están especializadas nas patoloxías que representan, ademais de ser as entidades de referencia no Servizo Galego de Saúde para a derivación de persoas afectadas nos seus territorios. Ademais teñen experiencia na prestación de ditos servizos



aos seus colectivos, xa sexa de maneira directa ou a través da concertación de persoas profesionais coa formación e experiencias necesarias en cada territorio.

Estas entidades, que atenden en conxunto a máis de 4000 persoas cada ano, desenvolven distintos servizos encamiñados á rehabilitación e mantemento da saúde das persoas afectadas baseados nas necesidades detectadas e na experiencia de traballo con esa patoloxía.


Os servizos que recolle o proxecto están dirixidos a **persoas con discapacidade afectadas polas patoloxías** recollidas no punto 2, e residente en toda a comunidade autónoma. O grado de atención recibida dependerá das necesidades detectadas polo equipo interprofesional e seu estado de saúde en relación a outras persoas afectadas.

3. ACTUACIÓNS

O conxunto de accións que se formulan están baseadas na prestación dos tratamentos e técnicas máis axeitados para cada patoloxía e persoa en función do seu grao de afectación e evolución da enfermidade, prestados por persoal especializado con experiencia e formación para o tratamento do colectivo. As intervencións efectuaranse en cada territorio segundo, ou se o perfil o requirise, nos domicilios particulares, empresas ou centros de atención.

As actividades ou actuacións que se van a desenvolver coa colaboración son as seguintes:

1. Apoio, orientación e información sobre a patoloxía, diagnósticos, tratamento e opcións terapéuticas, recursos públicos e privados para a atención da patoloxía, sesións formativas sobre tratamentos e técnicas, e outros apoios relacionados co proceso de diagnóstico, pautas de tratamento, hospitalización e outras casuísticas derivadas da patoloxía.
2. Servizo de apoio á recuperación física funcional: actuacións de terapia física especializada nas patoloxías que cursan con empeoramento físico e motor, para a restitución das funcións motoras e a prevención do deterioro relacionado. Inclúe terapia física, establecemento de pautas de traballo individuais, valoración, evolución e seguimento individual, e todas aquelas actuacións que se deriven das anteriores.
3. Servizo de apoio ocupacional: actuacións de carácter ocupacional especializadas nas patoloxías que cursan con afectación nas capacidades físicas e cognitivas que inflúen na autonomía das persoas con patoloxía orgánica. Inclúe a planificación de actividades para o entrenamento físico e cognitivo adaptado ás necesidades e evolución de cada persoa, valoración, seguimento, establecemento de pautas de traballo e todas aquelas actuacións que se deriven das anteriores.
4. Servizo de apoio á recuperación logopédica: actuacións de carácter logopédico especializado nas patoloxías que cursan con afectación na fala, deglución, comunicación, audición e outras funcións orais. Inclúe a planificación de actividades de recuperación adaptadas a cada persoa e as súas necesidades, valoración, evolución e seguimento individual, establecemento de pautas de traballo e todas aquelas actuacións que se deriven das anteriores.
5. Servizo de apoio emocional: actuacións de carácter psicolóxico especializado nas patoloxías que cursan con afectación psicoemocional, conductual ou que implican a distorsión




de procesos mentais. Inclúe a valoración, seguimento e evolución individual, planificación de actividades para a recuperación emocional, establecemento de pautas de traballo individual, así como aquelas actuacións que se deriven das anteriores.

6. Outros servizos e actuacións de carácter xeral que, non atopándose nos grupos anteriores, teñen resultados beneficiosos probados no tratamento das patoloxías orgánicas para as que se propoñen, así como na prevención de discapacidades nestes mesmos colectivos. Inclúe actuacións como servizo de nutrición para persoas con patoloxía renal, preparación física a persoas con esclerose e fibromialxia, piscina terapéutica a persoas con artrite, ente outras.

4. PERSOAS BENEFICIARIAS

Os obxectivos de atención para cada liña e territorio serán os seguintes:

Liña 1: Apoio, orientación e información	
AREA SANITARIA	NÚMERO TOTAL DE PERSOAS BENEFICIARIAS
A Coruña	100
Ferrol	50
Santiago	50
Pontevedra	70
Vigo	120
Lugo	60
Ourense	70
TOTAL	520
Liña 2: Apoio á recuperación física funcional	
AREA SANITARIA	NÚMERO TOTAL DE PERSOAS BENEFICIARIAS
A Coruña	30
Ferrol	10
Santiago	30
Pontevedra	10
Vigo	20
Lugo	50
Ourense	50
TOTAL	200
Liña 3: Apoio ocupacional	
AREA SANITARIA	NÚMERO TOTAL DE PERSOAS BENEFICIARIAS
Santiago	25
Vigo	25
TOTAL	50



Liña 4: Apoio á recuperación logopédica	
AREA SANITARIA	NÚMERO TOTAL DE PERSOAS BENEFICIARIAS
Lugo	3
TOTAL	3
Liña : Apoio emocional	
AREA SANITARIA	NÚMERO TOTAL DE PERSOAS BENEFICIARIAS
A Coruña	40
Ferrol	10
Santiago	50
Pontevedra	5
Vigo	5
Lugo	5
Ourense	50
TOTAL	165
Liña 6: Outros servizos e actuacións dirixidos á recuperación integral das persoas con discapacidade	
AREA SANITARIA	NÚMERO TOTAL DE PERSOAS BENEFICIARIAS
A Coruña	3
Ferrol	1
Santiago	15
Pontevedra	5
Vigo	10
Lugo	1
Ourense	5
TOTAL	40

Resumo de persoas beneficiarias por liñas de actuación

LIÑAS	NÚMERO TOTAL DE PERSOAS BENEFICIARIAS
Liña 1	520
Liña 2	200
Liña 3	30
Liña 4	3
Liña 5	165
Liña 6	40
TOTAL	958



[Handwritten signature]

5. ORZAMENTO

Para o cumprimento das actuacións previstas neste proxecto establécese un orzamento de 164.000€ que a Consellería de Sanidade aportará a COGAMI para a xestión dos servizos a través das súas asociacións. Os gastos aplicables, así como os requisitos de xustificación estarán desglosados no convenio que se asine para a execución do programa.

RESUMO TOTAL					
ENTIDADE	PERSOAL CONTRATADO	GASTOS DIRECTOS SUBCONTRATADOS		GASTOS INDIRECTOS	TOTAL
		AUTÓNOMOS	CLÍNICAS		
EXECUCIÓN ENTIDADES	118.016,79 €	7.800,00 €	15.335,00 €	6.223,45 €	147.375,24 €
COGAMI (GASTOS DE XESTIÓN)	16.624,76 €	- €	- €	- €	16.624,76 €
TOTAL	134.641,55 €	7.800,00 €	15.335,00 €	6.223,45 €	164.000,00 €

DESGLOSE GASTOS EXECUTADOS POR ENTIDADES RESUMO POR LIÑA DE ACTUACIÓN E TIPO DE GASTO					
LIÑA	PERSOAL CONTRATADO	GASTOS DIRECTOS SUBCONTRATADOS		GASTOS INDIRECTOS	TOTAL POR LIÑA
		AUTÓNOMOS	CLÍNICAS		
LIÑA 1	56.585,84 €	- €	- €	3.684,02 €	60.269,86 €
LIÑA 2	24.432,77 €	2.600,00 €	7.400,00 €	720,89 €	35.153,66 €
LIÑA 3	12.079,85 €	- €	1.260,00 €	571,13 €	13.910,98 €
LIÑA 4	- €	- €	2.920,00 €	- €	2.920,00 €
LIÑA 5	21.966,44 €	1.175,00 €	2.575,00 €	1.147,41 €	26.863,85 €
LIÑA 6	2.951,89 €	4.025,00 €	1.180,00 €	100,00 €	8.256,89 €
TOTAL POR CONCEPTO	118.016,79 €	7.800,00 €	15.335,00 €	6.223,45 €	147.375,24 €

 **COGAMI**
CIF G32115941



